

BIBLIOCROCAIO recomenda

ABRIL 2012

LEDE con ELES!!



**LER:
UN DEPORTE SAUDABLE.**


Quedan menos de cen días para os Xogos Olímpicos de Londres, o tema deste curso arredor do que xiran as nosas actividades . Os libros de deportes foron os máis lidos e estamos preparando o libro colectivo no que deixaremos unha pequena mostra do traballo da BIBLIOCROCAIO.

Con estas recomendacións lectoras, como tamén o facemos coas mochilas viaxeiras, queremos facer partícipes ás familias do noso traballo e animalas a “LER XUNTOS”.

Polo que neste boletín escollemos especialmente LECTURAS PARA FACER COS NENOS para que a familia amose interés pola lectura e contaxie aos nenos e nenas, para crear hábitos de lectura nos máis pequenos que beneficien os seus resultados académicos.

O CULLARAPO CROQUE

O cullarapo serve de fío condutor entre os poemas que viven neste libro. 80 páxinas cheas de poesía, de fermosas ilustracións e sobre todo de moita dozura. Os autores: Miguel Ángel Alonso Diz e Luz Beloso, conseguen achegar aos nenos e nenas temas como o respecto aos demais, os soños...



ALMANAQUE MUSICAL. Kalandraka. Contén doce poemas, un para cada mes do ano, nos que o fío condutor é a música clásica cos intérpretes dunha peculiar orquesta de instrumentos de corda. Con versos de Antonio Rubio e publicado por Kalandraka.

INVENTARIO ILUSTRADO DE ANIMAIS Sobre un cento de exemplares de fauna representativa de todo o mundo, tanto vertebrados -mamíferos, aves, peixes, anfibios, réptiles como invertebrados, que con máis de 60 clases, representan o 95 das especies animais.

De cada un indícase o seu nome científico e común, e engádese unha descrición que acompaña a ilustración.






POR QUÉ DEBO HACER EJERCICIO? Libro que explica a importancia de cuidar a saúde. O texto, moi accesible, con fotografías específicas de cada tema , diseño claro y colorista, mostrarán aos nenos como e por que deben cuidarse e o que pode pasar si non o fan. Completase cun glosario de términos e un índice de palabras de interés para súa fácil localización. Este título, fará que non olvides a relación entre exercicio e saúde, ademáis de incluír unha serie de exercicios que los pequenos poderán facer sen axuda. Ed. Everest.

CONTOS PARA IR DURMIR. Galaxia

Roi Mendez sorprende ao lector cunha serie de historias que , a modo de fábulas, van deixar a mente contenta e o corazón preparado para máis e máis contos. Contos para dormir, pero sobre todo para soñar...




OS XOGOS OLÍMPICOS DE NINGURES. Pinto e Chinto. Galaxia.

O país de Ningures organiza os XXOO que pasarán á historia por ser os mellor organizados, por ser os que máior número de marcas atléticas se bateron, pero tamén por ser os máis estrambóticos e divertidos, con situacións cheas de anécdotas.

LAS AVENTURAS DE ULISES. Stilton

¿Estades listos para afrontar uha viaxe extraordinaria con Geronimo Stilton e o lexendario heroe Ulises? ¡Navegaredes por mares tempestuosos, visitaredes terras descoñecidas e encontraredes criaturas misteriosas, entre peligros e emboscadas espeluznantes! ¡Unha historia cautivadora e emocionante, chea de sorpresas e aventuras inesquecibles!





UN CABALO DE LUME. Fina Casallerrey. O lume avanza imparabile e un ancián intenta calmar ao neno, aterrado polo caballo de lume que baixa do monte, contándolle que é o Ave Fénix, un paxaro de lume que aparece cada 500 anos, e que un pequeno carballo que planta nun penico descende do que lle deu a sombra a San Ero, baixo o que se quedou dormido casi 300 anos... O neno durme tranquilo e soña con paxaros de lume que parecen cabalos y aniñan nun carballo centenario. Entón el pensa en cando choverá un pouco de cordura sobre o mundo, e unhas gotas de auga comezan a caer do ceo.